



Expediente núm. : 5583/2023

Procedemento: Transporte de bacharelato curso 2023-2024

Resolución de Alcaldía con núm. e data establecidas á marxe.

Asunto: Aprobación das bases reguladoras do transporte do alumnado do ensino postobrigatorio.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe de motivación sobre a prestación do transporte do alumnado do ensino postobrigatorio, e a necesidade de establecer unhas bases reguladoras do mesmo, emitido pola concelleira de Mobilidade.

En virtude das delegacións efectuadas pola Alcaldía a favor da Xunta de Goberno Local, por Resolución de Alcaldía de data 04/07/2023, decreto número 2023-1533.

Ante a imposibilidade de convocar a Xunta de Goberno Local en prazo para o inicio do prazo de solicitude do servizo, ante o inminente comezo do curso escolar 2023-2024.

En base ao disposto no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e o artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en virtude das competencias establecidas no art.21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Dna. Victoria Morenza Doforno, primeira tenente de alcaldesa en funcións temporais de Alcaldía (Resolución de Alcaldía de data 24/07/2023, decreto núm. 2023-1673),

RESOLVO

PRIMEIRO. Avocar a competencia outorgada á Xunta de Goberno Local nesta materia, de acordo co art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, e soamente para este caso en concreto.

SEGUNDO. Aprobar as bases reguladoras do transporte do alumnado do ensino postobrigatorio para o curso 2023-2024 que a continuación se transcriben:

BASES REGULADORAS DO SERVIZO DE TRANSPORTE DO ALUMNADO DO ENSINO POSTOBRIGATORIO DO CONCELLO DE BARBADÁS CURSO 2023/2024

Artigo 1: Obxectivo e ámbito de aplicación.





Concello de Barbadás

- As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión o servizo de transporte de bacharelato do Concello de Barbadás.
- O obxectivo do servizo é ofrecer as familias do concello un transporte para o alumnado de bacharelato, ao ser un ciclo no que a Consellería de Educación xa non dispón deste servizo.

Artigo 2: Destinatarios

- O servizo de transporte de bacharelato está dirixido ao alumnado matriculado no IES Ferro Couselo nos cursos de 1º ou 2º de bacharelato durante o curso escolar 2023/2024.
- No suposto de quedar prazas vacantes unha vez adxudicadas as correspondentes ao alumnado do IES Ferro Couselo podrán ser inscritos no servizo alumnos/as do IES Universidade Laboral.

Artigo 3: Requisito para a admisión

- Estar debidamente matriculados durante o curso 2023/2024 no I.E.S Ferro Couselo nos cursos 1º ou 2º de bacharelato.
- Alumnos/as do IES Universidade Laboral no caso de existir prazas vacantes unha vez adxudicadas as correspondentes ao alumnado do IES Ferro Couselo.

Artigo 4: Horario.

- O horario axustarase ao establecido polo IES Ferro Couselo para o curso escolar 2023/2024. Non habendo transporte os días que o centro estableza como non lectivos.
- No caso de que algún día haxa clase pola tarde o transporte será en horario de mañá (entrada ao centro) e en horario de tarde (saída do centro), non habendo transporte ao mediodía.

Artigo 6. Criterios de adxudicación

- O alumnado de 1º e 2º de bacharelato do IES Ferro Couselo terá en todo caso dereito ao servizo.
- O alumnado do IES Universidade Laboral terá dereito as prazas vacantes unha vez que se adxudiquen as correspondentes ao alumnado do IES Ferro Couselo.





Concello de Barbadás

- Estas solicitudes adxudicaranse por orden de entrada no rexistro.

Artigo 7. Documentación a achegar

- Deberá presentarse a solicitude debidamente cumprimentada conforme ao modelo do Anexo I
- No caso de que o/a alumno/a sexa menor de idade, deberá cubrirse os datos do pai/nai/titor legal, que actuará na súa representación.

Artigo 8: Prazos e lugar de presentación de inscricións.

- O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 7 de agosto ao 6 de setembro do ano 2023.
- A solicitude debidamente cumprimentada deberá presentarse por unha das seguintes formas:
 - o De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás (<https://barbadas.sedelectronica.gal>)
 - o De forma presencial no rexistro (Casa do Concello, Oficinas A Valenzá)
 - o En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.
- As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.barbadas.es)

Artigo 9. Publicación dos admitidos/excluídos

- O listado de admitidos/as publicarase o día 8 de setembro de 2023 na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es) e na sede electrónica municipal. Publicaranse os números de rexistro de entrada das persoas solicitantes.

Artigo 10. Solicitudes de alta fóra de prazo de inscrición.

- Os/as interesados/as en solicitar a alta como usuarios/as poderán facelo tamén con posterioridade ao prazo de inscrición. Estarán suxeitos ás prazas dispoñibles.

Artigo 11. Importe do servizo.

- O importe do servizo, segundo o prezo público aprobado, será de 10€ os meses de setembro e xuño e 20€ os meses de outubro a maio.





Artigo 12. Forma de pago.

- O prezo da taxa farase efectivo en entidade bancaria mediante emisión de recibos. Estes recibos emitiranse do 1 ao 10 de cada mes .(excepto o mes de setembro que se emitirá entre nos últimos cinco días hábiles do mes)
- No suposto de devolución dun recibo, a área responsable do servizo comunicará vía telefónica ao usuario/a, mediante os datos a efectos de notificación indicados, dita devolución fixando un prazo de 10 días para presentar o xustificante de ter feito efectivo o pago mediante ingreso bancario no número de conta que se lle facilitará a tal efecto.
- Se alguén se da de baixa antes da finalización do mes, non lle será devolto o importe aboado, quedará dado de baixa para o mes seguinte

Artigo 13. Aceptación das condicións de participación

A participación no servizo de transporte escolar de bacharelato curso 2023-2024 suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento do servizo transporte escolar de bacharelato curso 2023-2024.

Máis información:

- Teléfono de información: 988 24 68 85 (Área de Educación).
- Correo electrónico: educacion@barbadas.es
- <http://www.barbadas.es>.





Concello de Barbadás

ANEXO:

SOLICITUDE DO SERVIZO DE TRANSPORTE DO ALUMNADO DO ENSINO POSTOBRIGATORIO CURSO 2023-2024

DATOS DO ALUMNO/A

APELIDOS: _____

NOME: _____

DNI: _____ TELÉFONO: _____

ENDEREZO _____ C.P. _____ LOCALIDADE _____

_____ CORREO ELECTRÓNICO _____

CENTRO DOCENTE

IES FERRO COUSELO no CURSO :

1º bacharelato

2º bacharelato

IES UNIVERSIDADE LABORAL no CURSO _____

No caso de ser menor de idade, DATOS DO PAI, NAI OU TITOR/A

APELIDOS _____ NOME _____ DNI _____ TELÉFONOS _____

_____ ENDEREZO _____

C.P. _____ LOCALIDADE _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

DATOS BANCARIOS

Nº DE CONTA: ES

APELIDOS, NOME DO TITULAR _____ DNI _____ ENDEREZO

_____ C.P. _____

Autorizo o Concello de Barbadás o cargo dos recibos do bono do transporte do alumnado de ensino postobrigatorio no nº de conta bancaria especificado dende a presente data.

En _____, a _____ de _____ de 202_, asinado o titular da conta:

Cod. Validación: 5XD6694ADW6WZCJD7ZTSM4SFZ
Corrección: https://barbadás.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6





Concello de Barbadás

En Barbadás, a __, de _____ de 202__

Sinatura do solicitante:

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BARBADÁS

Anexo relativo ao réxime de protección dos datos persoais achegados coa solicitude.

Os datos persoais achegados coa presente solicitude serán tratados de conformidade co establecido no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A finalidade, criterios de conservación dos datos e base xurídica do tratamento pode ser consultada na dirección <https://www.barbadas.es/politica-de-privacidad-2/>. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, oposición, e portabilidade, poden ser exercitados ante o Concello de Barbadás e/ou o seu Delegado de protección de datos no enderezo electrónico concello@barbadas.es.

